

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinasbetanzos.org; [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog://qdr29.blogspot.com/); info@marinasbetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 11 DE XANEIRO DE 2010.

En Abegondo, a 11 de xaneiro de 2010, no local social de Santa Marta de Babío (Casal, nº13 - Bergondo) sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- o D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- o Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas).
- o D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- o D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- o D. Gerardo Romero Copo, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Hostalería de Culleredo)
- o Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- o D. Xoán Ramón Díaz Saavedra , en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña)
- o D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- o Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Andrés García Boutureira, en representación da *mesa da pesca, marisqueo, acuicultura* (Confraría de Pescadores de Sada).

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbbase a Acta da sesión anterior.

2.- SEGUIMENTO DO PROGRAMA LEADER

2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDIO PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.1.1. MEDIDA 411: DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

2.1.1.1. Centro de produción e distribución da raza Galiña Piñeira:

Con data 17 de decembro de 2009 a Fundación para o Avance Científico da Veterinaria en Galicia (ACIVEGA) ten presentado unha solicitude de axuda para unha iniciativa que consistirá en poñer en marcha un Centro Productivo para a Multiplicación e Distribución da Galiña Piñeira, no Concello de Abegondo.

A Fundación ACIVEGA é unha institución sen ánimo de lucro que se constitúe no ano 2004, ano no que foi recoñecida pola Xunta de Galicia Fundación de Interese Galego e inscrita no rexistro correspondente. Esta Fundación ten por obxecto a elaboración e execución de programas formativos de carácter profesional, científico ou cultural para os veterinarios colexiados e organizar e promover actividades e servizos comúns de interese para os colexiados de carácter profesional, formativo, cultural ou asistencial.

Os obxectivos que se perseguen con este proxecto, que se consideraría de carácter produtivo, son entre outros, os seguintes:

- A produción de pitos de un día certificados para a produción de carne da raza Galiña Piñeira. Destacar que o futuro centro de Abegondo sería o primeiro, e ata o momento a única instalación produtora de exemplares de pito de Galiña Piñeira seleccionados.
- A mellora xenética da raza de Galiña Piñeira seleccionada para a produción de carne, a través de actividades de investigación e científico-tecnolóxicas necesarias para a mellora orientada á produción de carne da raza Galiña Piñeira co obxectivo de aumentar a calidade e por tanto o valor comercial do “Polo Piñeiro”.
- A promoción e posta en valor deste patrimonio natural, a través da especialización como Centro de Interpretación da Galiña Piñeira, realizando labores de divulgación, difusión e promoción da raza.
- A formación e impulso para a inserción laboral de persoas discapacitadas. Se pretende asinar un Convenio coa Asociación Pro Enfermos Mentais (APEM), para contratar traballadores discapacitados, para realizar as funcións de coidado e reprodución da Galiña Piñeira.

Para a realización de todas as funcións descritas como obxectivos anteriormente, será necesario que o Centro conte con todas as instalacións adecuadas para desenvolvealas. A estrutura do Centro se definirá en tres módulos independentes para cada función do centro dunha soa altura:

1. Zona produtiva:

Espazo dedicado á cría e reprodución controlada da Galiña Piñeira. Estará provista de poleiros, comedeiros e bebedeiros, contando cunha superficie pechada, na que se atopan os niños e un parque aberto de 400 metros cadrados de terra batida cercado por malla polos catro costados e cuberto na parte alta con malla.

- a. 2 Galiñeiros con capacidade para 100 galiñas cada un.
- b. Módulo de incubación, que contará con catro recriadoras, que sería unha instalación autónoma que recolle os animais recién nado se mantenos ata que son capaces de valerse por si mesmos, e nove incubadoras con capacidade para 240 ovos cada unha.
- c. Módulo de almacén e vestiario .

2. Zona de investigación:

Constará dun módulo de laboratorio que estará conformado por unha construción de planta baixa. O módulo contará co instrumental e equipamento necesario para a realización dos análises que permitan estudar a variabilidade xenética e definir os caracteres que determinen o proceso de selección xenética.

O laboratorio terá que estar equipado, coa tecnoloxía suficiente para levar a cabo os análises, que permitan a certificación da selección xenética dos pitos producidos no centro e que serán distribuídos ós produtores.

3. Zona de divulgación:

Este Módulo de divulgación e formación contará cunha zona de recepción, un despacho, unha sala de xuntas e unha aula. Neste módulo estará situada a exposición de materiais audiovisuais, posters e maquetas que conformaran o material divulgativo.

Con este proxecto se pretenden crear 4 postos de traballo (2 coidadores, 1 veterinaria e 1 administrativa). Os investimentos ascenderían a 502.645,51 euros aproximadamente e irían dirixidos á construción do centro, ó equipamento do laboratorio, e á compra de xaulas de cría e incubadoras.

Este Centro de Selección e conservación estará deseñado para causar o mínimo impacto medioambiental na zona.

Liñas estratéxicas:

2.3. Investimentos para a recuperación de variedades locais e tradicionais de trigo país, centeno, vides, frutais, ecotipos hortícolas, **galiña piñeira....**

O Xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar a AGADER este expediente para a súa verificación.

2.1.2. MEDIDA 413: DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

2.1.2.4. Modernización e ampliación de servizo forestal na comarca

Con data 23 de setembro de 2009 ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda para a ampliación e modernización dunha empresa de servizos no sector forestal na comarca.

O promotor José Manuel Cabana realiza dende hai aproximadamente catro anos, traballos forestais na comarca de Betanzos consistentes en desbroces en montes e fincas, así como plantacións, podas e clareos. En relación co sector forestal e do mantemento realiza traballos par particulares, así como para empresas e concellos.

Con esta nova iniciativa pretende incorporar nova maquinaria que lle permita realizar plantacións forestais para a produción de biomasa e frondosas, repoboacións, limpeza e mantemento dos montes, para empresas do sector da madeira. Esta actividade contribúe positivamente ó coidado e mantemento dos montes galegos, poñendo os medios para evitar os incendios forestais. Tamén pretende levar a cabo unha nova actividade consistente na compra de madeira para a produción de leña para caldeiras e o aproveitamento da biomasa para facer astillas.

Os investimentos ascenden aproximadamente a 70.500 euros e irían dirixidos á compra dunha astilladora de leña; un ahoyador; unha furgoneta de 2ª man; un remolque para fixación depósito de gasoil; un remolque para furgoneta para transportar plantas; dúas desbrozadoras de man; dúas motoserras; un remolque de 2ª man para tractor para transportar madeira; tres uniformes dos operarios.

Sinalar que o mantemento e coidado dos montes galegos é unha actividade de especial importancia para o desenvolvemento do territorio.

O proxecto ten unha incidencia medioambiental positiva, contribuíndo á mellora dos recursos naturais, ó coidado da paisaxe e á mellora da xestión dos recursos hídricos, podendo contribuír ó crecemento do turismo e do benestar dos cidadáns.

Con esta iniciativa o promotor pretende consolidar o seu propio emprego, comprometéndose a contratar persoal en momentos puntuais de máximo auxe no traballo.

Liñas estratéxicas:

1.7. Incentivos para a mellora da xestión ambiental nas empresas.

6.3. Incentivos para o xurdimento de servizos ás explotacións.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER,.

2.2. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.2.2.1. RESTAURACIÓN DE RÍOS DE LAVAR E MANANCAIS (CONCELLO DE OLEIROS)

Con data 29 de xullo de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda do Concello de Oleiros. O proxecto consiste na recuperación de oito manancais e ríos de lavar ubicados nos núcleos de poboación de A Gandara, O Espiño, O Batán, O Couto, Lóngora (Vista Alegre), Vilanova, Broño e Aba, co obxecto de permitir o disfrute e aproveitamento da auga, así como recuperar o patrimonio cultural ligado ós cauces fluviais.

A súa recuperación representa a posibilidade de achegar á cidadanía a estes lugares que forman parte da historia, a aproximando ó elemento AUGA e permitindo recuperar estes espazos para o ocio e lecer.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 76.175,75 euros que irán dirixidos á recuperación dos 8 ríos de lavar e manancais.

Con data 01 de decembro de 2009, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” un Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 60 puntos, correspondéndolle un 64,98% de axuda, resultando un importe de 49.496,40.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 76.171,75.-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que contribúe á mellora da paisaxe do territorio e favorece a fixación da poboación no medio rural. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

2.2.2.2. PAPELERIA E SERVIZOS DE FOTOCOPIADORA EN OZA DOS RÍOS

Con data 05 de xuño de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda asinada por Mónica Boedo.

O proxecto consiste na prestación do servizo de subministro de prensa, revistas, papelería, material de oficina, fotocopias, libros, servizo de fax, artesanía de Galicia, material informático, distribución de mobles de oficina e outros servizos complementarios. Na actualidade este servizo non existe no Concello de Oza dos Ríos.

Esta iniciativa creará o propio emprego da promotora. A inversión prevista é de 37.375,53.-€, dirixidos o acondicionamento de local, o equipamento e mobiliario.

Con data 04 de xaneiro de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” un Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 63 puntos, correspondéndolle un 41,50% de axuda, resultando un importe de 13.371,35.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 32.220,11.-€.

Os investimentos aceptados son:

acondicionamento do local (fontanería, carpintería de aluminio, pintura, electricidade, teito, carpintería, albanelería): **13.692,39.-€**

Equipamento (ordenador, equipo multifunción, fotocopiadora e escaner, fax, plastificadora, máquina etiquetadora, cizalla, encanutiladora, páxina web, máquina vendín, rótulo luminoso): **11.161,97.-€**

Mobiliario (expositores, estanterías): **7.365,76.-€**

En relación a este expediente, se informa que a promotora ten solicitada unha axuda para este mesmo proxecto á Consellería de Economía e Industria, advertindo que AGADER resolverá o expediente condicionando a elixibilidade á comprobación da compatibilidade e acumulación das axudas no momento en que se solicite o primeiro pago ou pagamento único.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que ofrece un servizo non dispoñible hoxe en día no Concello de Oza dos Ríos, contribuíndo ó benestar da poboación. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

2.2.2.3. REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E LANZAMENTO DO PROGRAMA LEADER

Con data 20 de maio de 2009, tense presentado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda da propia entidade para levar a cabo a realización de actividades de difusión e lanzamento do Programa LEADER, dentro da medida 431-B.

O proxecto de carácter non produtivo consiste na realización de diferentes actividades do Plan de Difusión do Programa LEADER 2007-2013 para dar a coñecer e aproximar o Programa tanto á poboación xeral, como ós potenciais beneficiarios de axudas. Paralelamente á posta en marcha do Programa, tamén se dará a coñecer á propia Asociación.

Con esta iniciativa se creará un posto de traballo, contratando unha persoa para levar a cabo, entre outras, as seguintes actuacións:

- Manter xuntanzas con colectivos, organizacións, grupos de veciños, profesionais vinculados co desenvolvemento do territorio, coa finalidade de que o Programa chegue a toda a poboación do ámbito territorial de “Mariñas – Betanzos”.
- Manter xuntanzas e participar na dinamización das mesas sectoriais do GDR-29 para promover o xurdimento de iniciativas e captar ideas para levar a cabo posibles proxectos. Ó mesmo tempo, informará das posibles axudas existentes para apoiar proxectos.

O investimento previsto é de 78.500 euros, dirixidos ós Gastos de persoal, á imaxe corporativa e material divulgativo, á difusión do Programa, ó material promocional e para cursos e asistencia a feiras.

Con data 14 de decembro de 2009, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Os investimentos aceptados son:

Gastos de persoal (persoal técnico contratado durante 18 meses, custo desprazamento e dietas)

Imaxe corporativa e material divulgativo (5000 trípticos; 300 carteis; 1 plotter; 1 stand portátil; 5000 papel carta; 1000 tarxetas de visita; 5000 sobres; 1000 carpetillas; 1000 bolígrafos; 300 mapas do territorio; 1 placa asociación; 1500 Guías para Emprender)

Difusión do Programa (aluguer locais para difusión Programa LEADER; gastos de publicidade do Programa LEADER en diferentes medios de comunicación)

Material promocional (reedicións de material promocional Programa LEADER)

Cursos e asistencia a feiras (coste asistencia cursos persoal xestor Programa LEADER; coste asistencia a feiras)

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que este proxecto é necesario para a divulgación do Programa LEADER 2007-2013 e a súa divulgación favorecerá o xurdimento de novas iniciativas no rural. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

2.3. EVOLUCIÓN DO GASTO PÚBLICO COMPROMETIDO DO PROGRAMA LEADER.

ANEXO 2: EVOLUCIÓN DOS FONDOS COMPROMETIDOS NO PROGRAMA LEADER
LISTADO COMPROMISOS LEADER (XANEIRO 2009)

MEDIDA	TOTAL FONDOS PÚBLICOS	ENVIADO A AGADER	IMPORTE AYUDA SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO	RESTA POR COMPROMETER
411 (PRODUCTIVO)	851.813,36				851.813,36
					TOTAL MEDIDA 411
					851.813,36
412 (NON PRODUCTIVO)	511.088,01				511.088,01
					LEA-1200-20-411 RESTAURACIÓN DE RÍOS DE LAVAR E BANHAROS
			49.496,40		
					TOTAL MEDIDA 412
			49.496,40	0,00	461.591,61
413 (PRODUCTIVO)	1.703.626,73				1.703.626,73
					LEA-1200-20-413 PAPELERÍA E SERVIZOS DE FOTOCOPIADORA EN OZA DOS RÍOS
			13.371,35		
					LEA-1200-20-413 CREACIÓN EMPRESA INTEGRAL DE TURISMO E SERVIZOS DE OCIO
			61.740,73		
					LEA-1200-20-413 ZONA DE OCIO RECREATIVA E DE OCIO NATURAL NO MARINHEIRO (BETANZOS)
			200.000,00		
					TOTAL MEDIDA 413 (PROD.)
			275.112,08	0,00	1.428.514,65
413 (NON PRODUCTIVO)	340.725,35				340.725,35
					LEA-1200-20-413 AMPLIACIÓN REFUGIO DE ANIMAS
			137.350,75		
					LEA-1200-20-413 AULA DE INFORMÁTICA NO CENTRO CULTURAL DE CAMBAS (URADIA)
			103.434,20		
					TOTAL MEDIDA 413 (PROD.)
			240.815,04	0,00	99.910,31

3. INFORME DE NOVIDADES

3.1. Técnico de dinamización e sensibilización Programa LEADER 2007-2013

Para reforzar as actividades de difusión do Programa LEADER, o GDR-29 ten contratado unha persoa dedicada a estas actuacións de animación e difusión, e que poida apoiar tamén apoiar na xestión dos proxectos a canalizar a través das liñas de cooperación.

Na reunión de Xunta Directiva celebrada en maio de 2009, tense aprobado a contratación dunha persoa utilizando a lista en reserva da selección de técnico de proxectos do Programa LEADER (2007-2013).

Informar a este respecto que, o técnico contratado a tal efecto, Federico López, ten causado baixa voluntaria o día 30 de novembro para incorporarse como xerente no Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”, e non habendo máis candidatos na lista en reserva da selección de técnico de proxectos, se propón á Xunta Directiva abrir un novo proceso de selección para contratar unha persoa.

A Xunta Directiva acorda que se abra un novo proceso de selección, nomeando unha Comisión de Selección, que estará formada pola Presidencia, Vicepresidencia, Secretaria e os representantes elixidos pola Xunta Directiva. Estes son: O Sindicato Labrego Galego (Antón Sánchez) e a Asociación Elas (Cruz Fernández).

3.2. Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.

Se informa ós asistentes que o pasado 10 de decembro de 2009, tense celebrado en Santiago de Compostela unha Asemblea Xeral de Socios da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.

En dita Asemblea se acordou incorporar como entidade asociada á Asociación “Mariñas – Betanzos”, ó ver que cumpre o criterio esixido nos Estatutos de ser Grupo de Desenvolvemento Rural, beneficiario do Programa LEADER 2007-2013.

Esta Asociación actualmente está composta por oito Grupos de Desenvolvemento Rural, agardando a incorporación de máis Grupos de Desenvolvemento Rural proximamente.

- **PRESIDENCIA:** Asociación Euroeume
- **VICEPRESIDENCIA:** Asociación Monteval
- **SECRETARIA:** Asociación Mariñas – Betanzos
- **TESOURERÍA:** Asociación O Salnés
- **VOCAIS:**
 - Asociación Asdecomor
 - Asociación Ribeira Sacra
 - Asociación Terras do Deza
 - Asociación Comarca de Bergantiños

3.3. Proposta elaboración boletín electrónico “Mariñas – Betanzos”

Dende o equipo técnico de “Mariñas – Betanzos” se plantexa a posibilidade de elaborar un boletín electrónico gratuíto de periodicidade mensual, onde se recolla toda a información relativa ó Programa LEADER, as actividades desenvolvidas pola Asociación, polas Mesas Sectoriais, así como calquera outra información de interese en xeral para os asociados/as, emprendedores....

Se plantexa a posibilidade de que o primeiro boletín se poida publicar a finais do mes de xaneiro de 2010.

Deste xeito se mantería un fío conductor de información constante cos socios/as e outros interesados/as.

A Xunta Directiva aproba que se leve a cabo este boletín, e que se elabore o primeiro número a finais do mes de xaneiro, e que sexa enviado a todos os socios/as, colaboradores, empresas, etc.

3.4. Convocatoria Proxectos Dinamizadores das Áreas Rurais de Galicia para o ano 2010 – AGADER

O día 24 de decembro de 2009 ten saído publicado no DOG a resolución do 15 de decembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións ós proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2010, cunha dotación máxima de 3.616.000.-€.

As subvencións reguladas nestas bases están financiadas con fondos FEADER, e polo tanto, serán incompatibles con calquera outra axuda que para o mesmo gasto ou investimento, leve cofinanciamento comunitario.

Medidas:

- Medida I. Diversificación cara a actividades non agrarias
- Medida II. Creación e desenvolvemento de microempresas
- Medida III. Fomento de actividades turísticas
- Medida IV. Servizos básicos para a economía e a poboación rural
- Medida V. Conservación e mellora do patrimonio natural

O prazo de presentación é de 60 días naturais a contar dende o día seguinte a publicación no DOG (24/12/2009).

Dende o Equipo Técnico do LEADER, ofrécense para preparar a documentación das organizacións ou persoas interesadas nesta convocatoria.

3.5. VII Convocatoria dos Premios AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural.

AGADER coa finalidade de premiar aquelas iniciativas que, no seo da Comunidade Autónoma de Galicia, contribúan de xeito singular á promoción do medio rural e á xeración dunha sociedade rural máis dinámica e cohesionada ten convocado a sétima edición dos premios AGADER ás Iniciativas de Desenvolvemento Rural.

Os proxectos deberán estar executados previamente á data de publicación da convocatoria anual do premio.

Poderán presentar candidaturas ós premios AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.

Non se poderán presentar aquelas iniciativas que obtivesen premio nalgunha das anteriores edicións dos premios ou que na data de publicación da convocatoria do premio se atopen en fase de execución e deseño.

O prazo para presentar as solicitudes será de 30 días naturais a contar dende o seguinte ó da publicación da convocatoria no DOG.

Máis información: [http://agader.xunta.es/Actividades Premios.do](http://agader.xunta.es/Actividades_Premios.do)

3. ROGOS E PREGUNTAS

3.1. CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DIRIXIDOS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2010. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O Xerente do Programa LEADER, comunica aos membros da Xunta Directiva que ten saído publicado no B.O.P. a convocatoria de programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2010. A Xunta Directiva acorda que se fagan os trámites oportunos para solicitar unha axuda a través desta convocatoria para a realización dunha “Exposición Itinerante e elaboración de Guía da Arquitectura de Rafael González Villar nas Mariñas Coruñesas”, e nomear como representante para todas as relacións coa Deputación Provincial ao Presidente da Asociación, José Antonio Santiso Miramontes.

Segundo proposta da Mesa Sectorial, tamén se acorda que se fagan os trámites oportunos para solicitar unha axuda a través desta convocatoria da Deputación para a realización do proxecto “Posta en Valor da Vía XX: A Per Loca Marítima”, e nomear como representante para todas as relacións coa Deputación Provincial ao Presidente da Asociación, José Antonio Santiso Miramontes.

Se presentan e debaten dous posibles proxectos a presentar a dinamizadores, acordando que a través das axudas ós proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia 2010, promovidas por AGADER, dende a Asociación “Mariñas – Betanzos” se presenten estas dúas solicitudes “Posta en Valor da Vía XX: Per Loca Marítima” e “Xornada de promoción turística dos recursos e servicios do territorio a través dos Blogs de Gastronomía”. Nomease como representante para todas as relacións con AGADER ao presidente da Asociación, José Antonio Santiso Miramontes.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 23.00 horas.

En Abegondo, a 11 de xaneiro de 2010

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes